



Xuntanzas con delegados/as

O equipo decanal e os/as coordinadores/as de curso mantiveron ao longo dos meses de marzo e abril xuntanzas cos/as delegados/as e subdelegados/as dos diferentes cursos dos graos de Economía e ADE co obxectivo de coñecer a valoración do estudiantado sobre a docencia recibida no que vai de curso, poder detectar determinados problemas que se puidesen ter dado e para achegar propostas de mellora.

As reunións resultaron de moita utilidade e mesmo se propuxo por parte do estudiantado a realización dunha xornada de orientación sobre optativas e outra sobre orientación laboral que se realizarán no mes de maio.



Xuntanza con representantes do alumnado

Dentro da rolda de encontros co estudiantado, celebrouse unha xuntanza entre os membros do equipo decanal e os representantes do estudiantado en Xunta de Facultade co obxecto de coñecer a súa valoración sobre a proposta de criterios para a elaboración de horarios para o próximo curso e outras cuestións como a posta en marcha de iniciativas e actividades de interese para o alumnado.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais




Aula profesional ECOADE: Aprendendo das empresas/institucións

No marco da Aula profesional ECOADE, en marzo deu comezo o ciclo de conferencias *Aprendendo das empresas/institucións*. Un total de sete charlas formuladas co obxecto de achegar o alumnado ao funcionamento das organizacións e á aplicación práctica das ferramentas coas que traballan a diario nos seus estudos.

Dentro deste ciclo, o 13 de marzo contamos con Inmaculada Viñas Carregal, actualmente Directora de Xestión dos Servizos do ORAL na Deputación de Pontevedra e cunha ampla experiencia na intervención das administracións locais.



O 29 de marzo, Miguel Conde Lobato de Bap Conde impartiu unha charla na que explicou con casos prácticos os diferentes atributos polos que os consumidores buscan unha marca e outros conceptos de marketing. Tamén falou de como a intelixencia artificial condiciona esta profesión e, en xeral, o mercado de traballo, e transmitiu a un alumnado moi interesado a necesidade de poñer límites éticos á publicidade.



O 21 de marzo, Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública, ofreceu unha conferencia sobre as principais etapas do ciclo financeiro na Xunta de Galicia, detallando o proceso orzamentario e as partidas de ingresos e gastos mais destacadas.





Aula profesional ECOADE: Aprendendo das empresas/institucións

O 13 de abril, Cristina Fernández, antiga alumna do centro e actualmente Coordinadora de seguimento de ABANCA, falou sobre os tipos de financiamento aos que poden acudir as empresas, a información que deben subministrar e a análise que se fai desta información para chegar a unha valoración da súa solvencia.



Santiago Fernández Méndez ofreceu unha charla, o mércores 19 de abril, sobre as principais características que deben ter os modelos de custos e unha boa información para a xestión, mostrándo ao alumnado, como caso práctico, o modelo deseñado para a empresa Agroamb.

O 26 de abril tivo lugar a sexta conferencia do ciclo *Aprendendo das empresas/institucións* deste cuadrimestre, nesta ocasión contouse coa colaboración da Cátedra de Empresa Familiar da USC para a súa organización. Alberto Villar Conde, de Aluminios Cortizo, S.A., impartiu unha charla sobre a xestión de riscos nunha empresa cunha carteira de máis de 3000 clientes repartidos por países de todo o mundo.





Aula profesional ECOADE: Cursos e talleres

Funcionamento dun ERP

Durante os meses de marzo e abril tivo lugar o curso sobre o erp Libra utilizado na xestión de moitas empresas galegas e líder en diferentes sectores de actividade. Este tipo de software de xestión empresarial axuda a automatizar e administrar os procesos empresariais das distintas áreas: contabilidade, finanzas, fabricación, vendas, cadea de subministración, recursos humanos... e a extraer datos de forma que a toma de decisións sexa mais sinxela. Para o desenvolvemento deste curso contamos coa colaboración de EDISA.




Supera un proceso de selección

Gisela Mato e M. Carmen López do departamento de RRHH de FINSA viñeron á facultade para facer un adestramento para procesos de selección dirixido ao alumnado que está rematando os seus estudos e o que vai realizar prácticas este verán.



Power Business Intelligence

O 21 de abril rematou o curso de Power Bi. Este curso práctico, impartido polo profesor Alfonso Rodriguez, dirixiuse principalmete ao alumnado dos últimos cursos e está recoñecido con 1 crédito ECTS.



Analítica de datos con R



Entre o 12 e o 16 de abril celebrouse na facultade un novo curso para o alumnado interesado no manexo, programación e analítica de datos con R impartido por Yago Atrio Lema.



Aula profesional ECOADE: Ciclo de cine "A Economía e a Empresa no Cinema"

Durante os meses de marzo e abril continuou desenvolvéndose o ciclo de cine *A Economía e a Empresa no Cinema*. Así, puidemos gozar da proxección de *The Laundromat* coa que se debateu sobre a fraude e os paraísos fiscais, *Los lunes al sol* para debater sobre a reconversión industrial, *It's a free world* e *Pride* para tratar o tema do mercado de traballo e os dereitos laborais.



Plan de Acción Titorial: Prácticas e Mobilidade

No marco do PAT do centro tivo lugar a reunión informativa sobre prácticas na que participou o alumnado de 3º e 4º interesado en completar a súa formación e o seu CV coa realización de estadias en empresas e institucións.

Na reunión falouse, entre outros aspectos, das alternativas para facer prácticas, dos trámites que é preciso seguir, e Clara Ceide García contou a súa recente experiencia facendo prácticas de 175 horas de duración nunha empresa de consultoría.



Tamén se celebrou, neste periodo, unha charla informativa de mobilidade co fin de orientar ao alumnado no procedemento de solicitude e de elaboración do acordo de estudos.



Recoñecemento ao PDI do noso centro

Premio Valentín Paz Andrade de investigación

Rosa María Regueiro, María Cadaval e Bruno Blanco, recibiron en diversas categorías o Premio Valentín Paz Andrade de investigación en Economía de Galicia convocado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)



da USC e o Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia), e que distingue aqueles traballos de investigación que contribúen ao mellor coñecemento da realidade económica e social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para o benestar da cidadanía. A entrega de galardóns foi presidida polo reitor da USC Antonio López, contando coa presenza do presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández Fernández e a directora do IDEGA, a profesora María Dolores Riveiro García.

Cruz distinguida da Orden de San Reimundo de Peñafort



Rafael A. Millán Calenti, profesor de Dereito Mercantil e de Dereito da Empresa da nosa facultade, recibiu a "Cruz distinguida de 1ª clase de la Orden de San Raimundo de Peñafort" outorgada polo Consello de Ministros. Esta distinción recoñece a persoas con méritos relevantes contraídos na Administración de Xustiza, o cultivo e aplicación do estudo do dereitos en todas as súas ramas ou os sevizos prestados en actividades xurídicas dependentes.

Premio á tese de doutoramento en Economía Social

A tese "O modelo cooperativo como organización que favorece a participación das mulleres na xestión empresarial e no emprendemento", da Dra. Ana Olveira Blanco, dirixida pola profesora do noso centro, María Bastida, foi premiada polo Comité Científico do XIX Congreso de Investigadores en Economía Social de CIRIEC-España.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



2ª Convocatoria de prácticas en empresa

O 21 de abril abriuse a 2ª convocatoria de prácticas en empresas da facultade. Nesta ocasión ofértanse un total de 95 prazas de prácticas para que o alumnado de 3º e 4º curso dos graos de ADE e Economía vaian ás empresas e institucións durante o verán.



Celebración do Patrón e Premios da Facultade

O 12 de abril celebramos os actos da festividade do noso centro onde entregamos diversos premios: de arte, a premios extraordinarios de grao ou mestrado, ou a traballos de fin de grao ou fin de máster con orientación en Economía dos recursos naturais e do medio ambiente. Tamén houbo un recoñecemento ao labor solidario da Cociña Económica de Santiago de Compostela.



Premio Fulget

E ademais, aproveitamos o acto para entregar tamén o premio Fulget á empresa Plexus Tech pola súa colaboración en temas de prácticas, actividades académicas, formación e outros aspectos salientábeis. Esta empresa pasará a formar parte do Comité Consultivo da facultade.



Premio CreArte

O xurado da XII edición do premio Create na Universidade, promovido pola Facultade e coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, decidiu outorgar o premio á obra "I'm overthinking again" de Susana Gómez García, dotado con 1200 euros. Esta obra pasará a formar parte da colección de arte do centro. A exposición coas obras participantes puido disfrutarse durante o mes de abril e continuará no hall da facultade durante o mes de maio.



I Premio Innovación Docente e Convocatoria para actividades

O 28 de marzo resolveuse o I premio de Innovación Docente da facultade. A iniciativa premiada foi presentada pola profesora María del Carmen Sánchez Carreira titulada "Universidade, sociedade e desenvolvemento. A aprendizaxe-servizo no eido do desenvolvemento local". Todas as iniciativas presentadas polas candidatas pasarán a formar parte dun repositorio na web da facultade para que poidan consultarse libremente.





Outros acontecementos na Facultade

Mulleres na Economía

O 1 de marzo tivo lugar a xornada Mulleres na Economía, na que as profesoras M. Carmen Sánchez Carreira, María Xosé Rodríguez Galdo, Eva Aguayo Lorenzo e Nélica Lamelas Castellanos relataron diferentes perspectivas e aspectos da economía dos coidados.



Captación de talento

Diferentes empresas realizaron procesos de captación na facultade, algunhas telemáticamente como Inditex (12 de abril), e outras presencialmente, como Deloitte.

Neste último caso, o 1 de marzo contamos con Beatriz Pérez-Colomer

e Daniel Santana que viñeron a facer unha presentación das diferentes carreiras profesionais a desenvolver nesta empresa.



IV Semana da Economía Social

O 22 de marzo celebrouse na facultade o acto central da IV Semana Universitaria da Economía Social 2023.

O acto contou coa participación de Covadonga Toca Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Outros acontecementos na Facultade

Feira dos Libros 2023

A Facultade organiza este ano a II Feira dos libros libres entre o 17 de abril e o 17 de maio. Expoñense unha grande diversidade de libros e revistas, usados e seminovos que están liberados e poden levarse de forma gratuíta. Todos os días e durante un mes renovarase a oferta para que se poidan escoller lecturas de todo tipo de temáticas.



Charla sobre A Emancipación en Galicia

O 26 de abril tivo lugar unha charla na que se tratou o tema da emancipación da mocidade. Este acto contou coa participación de Adrián Dios, Hilda Cuba e Iván García, que nos falarán sobre o mercado laboral, o acceso a vivenda e o emprendemento.



Boas prácticas de calidade

A Comisión de Calidade e Planificación da USC, dentro da convocatoria de boas prácticas no curso 2022/23, acordou premiar a iniciativa "Programa de benvida ao centro: Guía do Profesorado e Guía do estudiantado" da Facultade. Con este, nos últimos tres cursos levamos recibido catro premios deste tipo.



Promoción do PDI

Paula Álvarez González do departamento de Organización de Empresas e Comercialización promocionou a Contratada Doutora.



Teses defendidas

Durante os meses de marzo e abril defendéronse as seguintes teses no noso centro:

- *Como afecta o crowdsourcing nos prezos e na satisfacción do cliente: o caso de Airbnb.* Autoría: António Pedro Gonçalves Nunes; Dirección: Xosé Antón Rodríguez González e María Luz Loureiro García.
- *Determinantes del rendimiento en el alquiler de corta duración: Un análisis contextual de la profesionalización.* Autoría: J. Andrés Nieto Vidal; Dirección: Emilio Ruzo Sanmartín.
- *Bioeconomía e Desenvolvemento socioeconómico en Colombia. Retos e oportunidades para un país megadiverso.* Autoría: Ana Cristina Zúñiga Zapata; Dirección: Melchor Fernández Fernández.




Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión de Modificación do Grao en Economía:

- 8 de marzo: Análise da proposta de modificación do plan de estudos do grao en Economía. Acórdase reiterar a solicitude aos departamentos de que todas as materias teñan unha estrutura de 24/24. Acórdase solicitar aos departamentos propostas concretas de mencións. Acórdase solicitar aos departamentos que expresen a súa postura en relación a que a totalidade das materias do grao sexan de 6 créditos ou se podería ser axeitado que existan materias de 4.5 créditos.
- 22 de marzo: Posta en común das propostas dos departamentos e análise do calendario a seguir. Acordo xeral da estrutura e dimensión das materias dos tres primeiros cursos. Estrutura de 24/24 e dimensión de 6 créditos. Acordo de que a estrutura das materias de 4º sexa a mesma para todas. Acordo na oferta de mencións e nas posibles temáticas.

Xunta de Facultade:

- 24 de marzo: Ratificación dos criterios para a elaboración dos horarios nos graos de ADE e Economía para o curso 2023-24.
- 14 de abril: Aprobación dos horarios do curso 2023-24, aprobación da memoria para a solicitude de verificación do Máster Interuniversitario en Economía Circular, renovación da Comisión Intercentros para o grao en ADE e da Comisión Académica do Máster Universitario en Economía.



Séguenos nas nosas redes sociais